

ENTROIDO 2022 CONCELLO DA BAÑA

Bases do Concurso de disfraces

O Concello da Baña organiza o 5 de marzo de 2022 o Concurso de disfraces de Entroido, que se rexerá polas seguintes bases:

- I. Poden participar todas as persoas que acudan disfrazadas o día do concurso.
- II. As persoas participantes deberán anotarse como data máxima o 28 de febreiro. O formulario de inscrición pode presentarse telematicamente a través da [sede electrónica do Concello da Baña \(neste enlace\)](#) ou presencialmente no Rexistro Xeral..
- III. As persoas participantes menores de idade achegarán unha autorización de participación asinada pola nai, pai ou titor/a.
- IV. O concurso celebrarase o sábado 5 de marzo, a partir das 16:30 horas, nas rúas Rosalía de Castro, na Praza do Concello e Rúa Tedelle
- V. tempo máximo de exposición e actuación diante do concello será de 5 min.
- VI. Outorgaranse premios polas seguintes categorías:

CATEGORÍAS	1ºPREMIO	2ºPREMIO	3ºPREMIO
CARROZA	900€	400€	150€
COMPARSA	900€	400€	150€
GRUPO	150€		
PARELLA	100€		
INDIVIDUAL INFANTIL	100€		
INDIVIDUAL ADULTO	100€		

- VII. Os grupos estarán formados por un mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas para poder participar e representarán todas un mesmo motivo. Deben designar a un voceiro/a que represente á formación.

- VIII. As comparsas terán polo menos 9 membros para poder participar e representarán todos e todas un mesmo motivo. Deben designar a un voceiro/a que represente á formación.
- IX. As carrozas contarán cun mínimo de 10 persoas, e todas elas, ou unha parte, terán que desfilar enriba dun móbil. Deben designar a un voceiro/a
- X. A selección das gañadores realizarase por proposta dun xurado composto por persoas alleas ao Concello da Baña.
- XI. Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:
- Comparsas, carrozas e grupos:
 - Vestiario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
 - Orixinalidade: 1 a 3 puntos
 - Organización e traballo en equipo: 1 a 3 puntos
 - Involucrar ao público: 1 a 5 puntos.
 - Disfraces de parella e individuais (infantís e adultos)
 - Orixinalidade do vestiario (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
 - Maquillaxe: 1 a 2 puntos.
 - Involucrar ao público: 1 a 5 puntos.
- XII. Concello da Baña resérvase o dereito para a captación e difusión das imaxes do concurso para fins de publicidade e promoción en prensa, na páxina web e redes sociais municipais. A utilización das fotos e vídeos estará suxeita exclusivamente a un uso informativo nunca comercial.
- XIII. A decisión do xurado é inapelable.
- XIV. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.